

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 747/2001, do 29 de xuño.*

O artigo 9 do Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal, substitúese polo seguinte texto:

«O control oficial dos alimentos para animais e das materias primas para a súa alimentación axustarase ó disposto no Real decreto 354/2002, do 12 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, sendo as autoridades competentes as comunidades autónomas respecto dos produtos elaborados en territorio español ou procedentes dos demais estados membros da Unión Europea, e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nos puntos de entrada concretos no territorio nacional, respecto dos produtos que procedan dos países terceiros.»

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro das regras 13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que reservan ó Estado a competencia nas materias de bases e coordinación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente. Non obstante, os artigos 9, 10 e 11 dítanse ó abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> e 149.1.16.<sup>a</sup>, que reserva ó Estado, respectivamente, as competencias exclusivas en materia de comercio e sanidade exteriores.

Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento.*

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».
2. O disposto no artigo 8, no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 13, no artigo 16 e no capítulo IV do presente real decreto será de aplicación a partir do 1 de maio de 2003.

Dado en Madrid o 12 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

**7198** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. («BOE» 91, do 16-4-2002.)*

Advertido erro no Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e

medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 13 en lingua galega, do 1 de outubro de 2001, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1124, primeira columna, no anexo II, número 3.1 Niveis de campo, no cadro 2, novena fila, onde di:

«10-400 MHz | 28 | 0,73/f | 0,092 | 2»

Debe dicir:

«10-400 MHz | 28 | 0,073 | 0,092 | 2»

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**7466** *REAL DECRETO 330/2002, do 5 de abril, polo que se concretan determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción de algodón. («BOE» 94, do 19-4-2002.)*

O Protocolo número 4 anexo á Acta de adhesión de Grecia, adaptado polo Regulamento (CE) 1050/2001 do Consello, do 22 de maio, establece un réxime de apoio ó algodón que inclúe a concesión dunha axuda á produción. O Regulamento (CE) 1051/2001 do Consello, do 22 de maio, regula a axuda á produción de algodón establecendo as medidas necesarias para a súa concesión. Finalmente, o Regulamento (CE) 1591/2001 da Comisión, do 2 de agosto, establece as modalidades de aplicación do réxime de axudas ó algodón.

Dada a obrigatoriedade e directa aplicabilidade dos regulamentos comunitarios en tódolos seus elementos, este real decreto limitase a concretar aquelas actuacións e medidas que deben realizar ou poden adoptarlos estados membros.

Neste sentido, establécese un réxime de controis, adóptanse algunhas medidas de carácter ambiental e de limitación do cultivo e precísanse as actuacións que seguirá o organismo de coordinación das axudas cos organismos pagadores das comunidades autónomas.

Este real decreto foi sometido a consulta en fase de proxecto das comunidades autónomas e dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de abril de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto concretar determinados aspectos da normativa europea reguladora da axuda á produción de algodón.

Artigo 2. *Autoridade competente.*

Será competente para a xestión da axuda á produción de algodón, a comunidade autónoma no ámbito territorial da cal teña lugar a operación de quita-la semente.

### Artigo 3. *Controis.*

Ademais das comprobacións previstas no artigo 13 do Regulamento (CE) 1591/2001 da Comisión, do 2 de agosto, o órgano competente da Comunidade Autónoma deberá verificar que, nas superficies cultivadas de algodón declaradas polos produtores nas súas declaracións de superficies sementadas, non se cultivou algodón na campaña anterior.

Cando a comunidade autónoma onde se encontren as superficies de algodón non sexa a competente para a xestión da axuda, a información sobre o resultado dos controis do punto anterior comunicaráselle á autoridade competente da xestión da axuda.

### Artigo 4. *Programas de investigación.*

Para efectos do disposto no punto 1 do artigo 17 do Regulamento (CE) 1051/2001, as comunidades autónomas determinarán os programas de investigación encamiñados a desenvolver métodos de cultivos máis compatibles co ambiente, así como os medios para divulgar entre os produtores os resultados da investigación e os efectos benéficos destas técnicas.

### Artigo 5. *Medidas ambientais.*

1. Para efectos do disposto no punto 2 do artigo 17 do Regulamento (CE) 1051/2001, establécese a obrigatoriedade de cumprir os seguintes requisitos ambientais e prácticas agrarias:

a) Cumprir con toda a normativa vixente en materia de concesión de augas e de limitacións de uso establecidas polas federacións hidrográficas, en aplicación da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

b) Deberá controlarse o estado da rede de rega interna da explotación, procedendo á reparación das instalacións que presenten perdas de auga, substituíndo as pezas defectuosas dos sistemas de aspiración, impulsión e distribución que poidan conducir a perdas directas de auga ou unha mala eficiencia do sistema de rega.

c) Deberá evitarse a contaminación pola mala utilización e o exceso na aplicación de fertilizantes, especialmente os nitroxenados, fraccionando as achegas ó longo do cultivo e de acordo co establecido no Real decreto 261/1996, sobre protección contra a contaminación por nitratos procedentes de fontes agrarias.

d) O uso de herbicidas e demais produtos fitosanitarios condiciónase a:

1.º Que as doses de aplicación sexan as máis baixas autorizadas, atendendo ás condicións relativas ó solo e ó estado do cultivo ou á praga de que se trate.

2.º Que se cumpran tódolos demais requisitos establecidos para a práctica fitosanitaria correcta na aplicación de cada un dos produtos fitosanitarios utilizados no cultivo.

e) Os envases baleiros serán entregados para a súa retirada de conformidade coa normativa vixente sobre residuos de envases na comunidade autónoma de que se trate, en aplicación da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.

f) O resto de prácticas agrícolas e os residuos non recollidos nos parágrafos anteriores deberán respectar a normativa ambiental nacional e autonómica e, en especial, a Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

2. As comunidades autónomas, tendo en conta a especificidade das situacións territoriais corresponden-

tes, poderán desenvolver os requisitos e prácticas do punto anterior.

### Artigo 6. *Limitación das superficies do cultivo.*

1. Para efectos do disposto no punto 3 do artigo 17 do Regulamento (CE) 1051/2001, establécese como medida de limitación para a superficie con dereito a optar á axuda da produción de algodón, a rotación do cultivo, de forma que non poida cultivarse algodón na mesma superficie dous anos consecutivos. A campaña inicial de referencia para esta rotación será a 2002/2003.

Non poderán establecerse outras medidas adicionais de limitación da superficie con dereito a optar á axuda á produción de algodón máis que aquelas que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación estableza, logo do informe das comunidades autónomas e das organizacións profesionais agrarias, sobre a base dalgún dos seguintes criterios:

a) A economía agraria das rexións nas que ten importancia a produción de algodón, tendo en especial consideración a identificación daquelas zonas nas que tradicionalmente se realizase este cultivo.

b) O estado edafoclimático das superficies en cuestión, a xestión das augas de regadío e as técnicas de cultivo que poidan mellora-lo ambiente.

2. Non obstante o indicado no punto 1, as comunidades autónomas poderán exceptuar da rotación do cultivo as explotacións cunha superficie total de algodón que non supere dez hectáreas, adoptando, se é o caso, as medidas necesarias para evitar que se creen artificialmente as condicións para cumprilo dito requisito. Entenderase que a división dos predios é artificial cando non se xustifique fidedignamente o cumprimento das obrigas tributarias derivadas dos ditos actos.

### Artigo 7. *Actuacións de coordinación técnica.*

O Fondo Español de Garantía Agraria, na súa condición de organismo de coordinación dos organismos pagadores das comunidades autónomas afectadas, para efectos do previsto na alínea b) do punto 1 do artigo 4 do Regulamento (CE) 1258/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre financiamento da política agrícola común, desenvolverá as actuacións necesarias para asegurala aplicación e execución harmonizadas da normativa comunitaria e nacional do réxime de axudas a que fai referencia este real decreto, en todo o territorio nacional.

### Artigo 8. *Comunicacións e subministración da información.*

Para poder cumprir co previsto no artigo 15 do Regulamento (CE) 1591/2001, os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán ó Fondo Español de Garantía Agraria a seguinte información:

a) Antes do día 10 de cada mes e desagregadas por cada período ó que sexa aplicable un prezo de mercado mundial diferente:

1.º As cantidades para as que se solicitase a axuda durante o mes anterior.

2.º As cantidades correspondentes suxeitas a control no curso dese mes.

b) Antes do 15 de xaneiro de cada ano, as accións, medidas e programas que adoptasen para a campaña de comercialización seguinte en virtude do establecido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación con

respecto ós puntos 1, 2 e 3 do artigo 17 do Regulamento (CE) 1051/2001.

c) Antes do 5 de maio de cada ano:

1.º O balance das cantidades para as que se recoñese o dereito á axuda dentro da campaña en curso, desagregadas por cada período ó que sexa aplicable un prezo de mercado mundial diferente.

2.º O balance das cantidades de algodón ó que, cumpríndose o disposto no artigo 12 do Regulamento (CE) 1051/2001, se lles quitase a semente para a campaña en curso por conta dun produtor individual ou dunha agrupación de produtores.

3.º A calidade media do algodón sen semente e o rendemento en algodón sen semente e en sementes de algodón que rexistre a campaña en curso.

d) Antes do 20 de agosto de cada ano:

1.º As superficies sementadas de algodón durante o ano que corre, adaptadas, se é o caso, de acordo co punto 2 do artigo 9 do Regulamento (CE) 1591/2001.

2.º A estimación da produción de algodón sen quita-la semente que corresponda a esas superficies.

e) Antes do 15 de novembro de cada ano:

1.º O balance, o máis recente posible, das cantidades suxeitas a control.

2.º Unha nova estimación da produción de algodón sen quita-la semente.

f) En caso de observar irregularidades significativas que afecten o 5 por 100 ou máis das superficies controladas en virtude da alínea a) do punto 1 do artigo 13 do Regulamento (CE) 1591/2001, o carácter destas xunto coas medidas que adoptasen.

g) Se, en aplicación do parágrafo segundo do punto 3 do artigo 6 do Regulamento (CE) 1591/2001 se decidise a conveniencia de fixar para a presentación das solicitudes de suxeición a control unha data límite anterior ó 31 de marzo, esta data deberá ser comunicada para a súa posible adopción cunha antelación mínima de 40 días.

h) Se, en aplicación do parágrafo segundo do punto 3 do artigo 6 do Regulamento (CE) 1591/2001, se decidise autoriza-la suxeición a control dentro dos últimos cinco días do mes de marzo, tal decisión deberá ser comunicada como máis tardar 15 días antes de que se inicie ese período.

Disposición adicional única. *Informes sobre situación ambiental.*

Antes do 30 de xuño de 2004, as comunidades autónomas remitiranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un informe sobre a situación ambiental do sector do algodón e a incidencia das medidas que se adopten ás que se refiren os artigos 4, 5 e 6.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.13.ª da Constitución que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito da súa competencia, as

medidas precisas para o cumprimento e aplicación deste real decreto e, en particular, para modifica-las datas de presentación dos documentos, de modo coordinado co que a normativa comunitaria estableza para o efecto, e para modifica-la superficie exceptuada no punto 2 do artigo 6, en función do desenvolvemento das campañas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación na campaña de comercialización 2002/2003 e seguintes, con excepción do disposto no artigo 6 que será de aplicación na campaña de comercialización 2003/2004 e seguintes e no artigo 8 que será de aplicación á entrada en vigor deste real decreto.

Dado en Madrid o 5 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

**7770** *ORDE APA/880/2002, do 17 de abril, pola que se actualiza o anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.* («BOE» 98, do 24-4-2002.)

O Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, establece os requisitos que deben cumprilos animais da especie canina para a súa inclusión no libro xenealóxico correspondente, incorporando nun anexo a listaxe das razas caninas españolas cos seus prototipos raciais e facultando, na súa disposición derradeira terceira, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dicta-las disposicións necesarias para a modificación e inclusión no anexo de novas razas caninas, logo do informe do Comité de Razas de Gando de España establecido polo Real decreto 1682/1987, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo oficial de razas de gando de España.

Na pasada reunión do citado comité, que tivo lugar o día 4 de decembro de 2001, foi proposta e admitida a inclusión dunha variedade dunha raza canina española no anexo do Real decreto 558/2001.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas, o sector, así como entidades científicas en materia de reprodución, selección e xenética animal.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Inclusión dunha variedade dunha raza canina española.*

Inclúese no anexo do Real decreto 558/2001, como raza canina española, co seu prototipo racial, a seguinte:

Variedade «lletsua» do Euskal Artzain Txakurra (can de pastor vasco)

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de abril de 2002.

ARIAS CAÑETE